

## SÁBADO 14

### PRESENTACIÓN DO CURSO

10:30 - 11:00

#### MÓDULO I

### COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO CON ENFOQUE AMBIENTAL: CRISE ECOLÓXICA E DA SOSTIBILIDADE

11:00-13:00

Intervén: **Florent Marcellesi** (investigador, membro de Bakeaz e coordinador do Centro EcoPolítica).

*Comida e sobremesa*

#### MÓDULO II

### XESTIÓN DE PROXECTOS: APLICACIÓN TRANSVERSAL DO ENFOQUE SOSTIBLE

16:00-17:30 / Descanso 30' / 18:00-19:30

Intervén: **Xulio López** (colaborador e activista de Amigos da Terra Galicia e antigo coordinador expatriado de Amigos de la Tierra España).

*Peche de sesión*

## DOMINGO 15

#### MÓDULO III

### A PERSPECTIVA DOS FINANCIADORES: O MARCO DE REFERENCIA DA AECID

10:00-12:00

Intervén: **Maite Martín-Crespo** (Jefa de Área de Medio Ambiente y Cambio Climático, Dirección de Cooperación Sectorial y Multilateral de la AECID).

*Descanso*

### MESA DE EXPERIENCIAS: EXEMPLOS PRÁCTICOS DE COOPERACIÓN SUSTENTABLE

12:15-13:45

Intervenían: **Víctor Barro** (Presidente de Amigos de la Tierra España) e **Raúl García** (responsable do Programa de Pesca Sostenible de WWF España).

*Peche das xornadas e comida*

### Lugar de celebración:

Centro de Educación Ambiental As Corcerizas  
Pista forestal Arnuide - San Mamede km 10, 32705 - Arnuide.  
Vilar de Barrio. Ourense. Tef: 988 302 403  
[www.ascorcerizas.com](http://www.ascorcerizas.com)

## VENRES 20

#### MÓDULO IV

### PRÓXIMOS RETOS DA COOPERACIÓN: DEGRADACIÓN DO MEDIO AMBIENTE E POBREZA

18:00-21:00

Intervén: **Antón Lois** (responsable de comunicación de Amigos da Terra Galicia).

### Lugar de celebración:

Centro Cívico Casco Vello  
Rúa Oliva 12, 36202, Vigo  
Teléfono: 986 226 841

### Destinatarios/as:

Axentes financiadores de cooperación  
Membros de ONGD e doutras entidades de cooperación

### Más información e inscricións:

Amigos da Terra  
Tef: 988374318 / Fax: 988511020  
[www.amigosdaterra.net](http://www.amigosdaterra.net)  
[www.ascorcerizas.com](http://www.ascorcerizas.com)  
[cooperacion@amigosdaterra.net](mailto:cooperacion@amigosdaterra.net)

PRAZAS LIMITADAS. Necesaria preinscripción.  
Data límite: 9 de abril de 2012

O curso é gratuito para os/as asistentes. Inclúe alojamento, manutención e desprazamento desde Ourense ata As Corcerizas (en autobús) para as xornadas do 14-15 de abril. Certificado de asistencia para aquelas persoas que o soliciten.

### Organiza:



Amigos  
da Terra

### Colabora:



## CURSO

### INCLUSIÓN DO ENFOQUE AMBIENTAL NA COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO



### Datas:

14-15 e 20 de abril de 2012

### Obxectivo e metodoloxía:

O curso, de carácter teórico-práctico, ten como finalidade a capacitación dos axentes da cooperación galega más relevantes (ONGD, outras entidades de cooperación e axentes financiadores) na correcta inclusión do enfoque ambiental no seu ámbito de traballo.

A través da participación de destacados/as expertos/as no ámbito da cooperación e o medio ambiente (e da nosa propia experiencia como organización ecoloxista) tratarase de formar aos/as asistentes nesta materia de xeito especializado e adaptado ás particularidades de cada grupo obxectivo.

Fotografía: Carlos Puga




## FLORENT MARCELLESI

Investigador, membro de Bakeaz e Coordinador do Centro EcoPolítica

Florent Marcellesi é Enxeñeiro de Caminos, Canles e Portos do Instituto Nacional de Ciencias Aplicadas de Lyon (Francia) e urbanista polo Instituto de Ciencias Políticas de París. Especialista en cooperación ao desenvolvemento (posgrao no Instituto Hegoa, Bilbao), combina o seu traballo en temas de sostenibilidade, cooperación e participación cidadá cunha intensa actividade no movemento ecoloxista, social e político. Coordinador do Centro EcoPolítica, membro de Bakeaz e do consello de redacción da revista francesa de ecoloxía política, Ecorev, escribe libros e artigos sobre temas relacionados coa ecoloxía política, o medio ambiente ou cuestións europeas e internacionais. Máis información:

### \*PUBLICACIONES MÁS RECENTES:

- "Marco teórico para la transformación ecológica de la cooperación al desarrollo", Bakeaz, 2012 (en prensa).
- "Guía práctica para la transformación ecológica de la cooperación al desarrollo", Bakeaz, 2012 (en prensa).
- "Cooperación internacional y sostenibilidad. Un replanteamiento a la luz del decrecimiento selectivo y justo", El Ecologista, Nº65, 2010.
- "Diagnóstico sobre la introducción de la variable medioambiental en la cooperación al desarrollo del País Vasco", Bakeaz, 2009 (con Unzueta A.).
- "Integración de consideraciones de sostenibilidad en la cooperación al desarrollo", Bakeaz, 2008 (con Palacios I.).



## XULIO LÓPEZ PÉREZ

Colaborador e activista de Amigos da Terra e coordinador da área de cooperación do CEIDA

Licenciado en Bioloxía pola Universidad de León no 1995 e Master en Xestión Ambiental e Municipal por OFC no 2010. Dende 1995 ata 2005 participou na Junta Directiva de Amigos de la Tierra España e Amigos da Terra Galicia en distintos cargos, sendo o representante desta en distintos órganos ou eventos como o Consejo de la Juventud de España, Consejo Asesor de Medio Ambiente do Ministerio de Medio Ambiente, Comité Español de la Unión Internacional para la Conservación de la Naturaleza (IUCN), Consello da Xuventude de Galicia, Climate Action Network, etc. Traballou para Amigos de la Tierra España como director da rede de Centros IRIS de medio ambiente entre 1997 e 2005, e como coordinador expatriado de proxectos de cooperación en El Salvador no 2011. Dende o 2007 ata a actualidad é o coordinador da área de cooperación do CEIDA (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia).



## MAITE MARTÍN-CRESPO

Jefa de Área de Medio Ambiente y Cambio Climático, Dirección de Cooperación Sectorial e Multilateral, AECID (Ministerio de Asuntos Exteriores y Cooperación)

Licenciada en Ciencias Políticas e Sociología e Doutora en Ciencias Políticas pola Universidad Complutense, Maite Martín-Crespo Muro, ten máis de dez anos de experiencia no ámbito do medio ambiente e a cooperación internacional. Na súa traxectoria profesional destaca o seu cargo como Jefa de Servicio de Vida Silvestre na Dirección General para la Biodiversidad do antigo Ministerio de Medio Ambiente onde, entre outras tarefas, se responsabilizou do Programa de cooperación dessa Dirección en coordinación coa AECID, no marco dos Programas Araucaria e Azahar. Na actualidade é a Jefa de Área de Medio Ambiente y Cambio Climático da Dirección de Cooperación Sectorial y Multilateral da AECID, no Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación, onde está a cargo do asesoramiento técnico para a programación operativa e estratéxica da Agencia, incluíndo a coordinación con organismos internacionais.

### \*PUBLICACIONES MÁS RECENTES:

- "Actuaciones ambientales de la cooperación española al desarrollo: una mirada desde la AECID". En: González, J.A. y Santos, I. (editores): *Cuatro grandes retos, una solución global: biodiversidad, cambio climático, lucha contra la pobreza, desertificación*. Fundación IPADE y AECID, 2011.
- "La regulación del acceso a los recursos genéticos y el reparto de beneficios en el marco del Convenio sobre la Diversidad Biológica. Un enfoque diferente"; Revista Ambiente, n 53, marzo, 2006
- "Cómo parar la pérdida de biodiversidad en 2010. Decisiones de la VIII Conferencia de las Partes del Convenio sobre la Diversidad Biológica" Revista Ambiente, n 55, mayo, 2006.
- "Políticas internacionales de integración de la biodiversidad en la agricultura". Libro digital. Fundación Félix Rodríguez de la Fuente, 2006.

## VÍCTOR BARRO

Presidente de Amigos de la Tierra España e co-responsable de cooperación na Junta Directiva



Enxeñeiro agrícola nacido en Suiza en 1978, está fortemente vinculado a Amigos de la Tierra España desde o ano 1999. Militante de diversas organizaciones sociais e ecoloxistas, traballou como educador ambiental e posteriormente como coordinador en Amigos da Terra Galicia. É membro da Junta Directiva de Amigos de la Tierra España dende 2009 e responsable de cooperación ata 2011, data dende a que preside a organización. Realizou visitas de coordinación a Honduras, El Salvador y Nicaragua dando seguimento aos proxectos e establecendo relacions coas organizacions aliadas e movementos sociais das zonas nas que a organización traballa con enfoque ambiental. Actualmente é Presidente de Amigos de la Tierra España e co-responsable do departamento de cooperación na Junta Directiva da organización, así como representante para asuntos internacionais.

## RAÚL GARCÍA

Responsable do Programa de Pesca Sostenible de WWF España



Licenciado en Ciencias do Mar pola Universidade de Vigo, na súa especialidade de Medio Ambiente Mariño, compaxinou os seus estudos universitarios con traballos de consultoría ambiental e viaxes ao longo de todo o mundo para o estudo e a documentación fotográfica de áreas mariñas protexidas, pesquerías artesanais, conflictos entre flotas artesanais e industriais, ou o impacto na seguridade alimentaria de políticas acuícolas e pesqueiras orientadas á exportación. Visitou preto de 130 países con prolongadas estancias en enclaves do Ártico, Siberia e extremo oriente ruso, Centro América e o Caribe ou África Oriental. Asimesmo, é autor de reportaxes e artigos en numerosas revistas de medio ambiente, natureza e viaxes; así como en informes técnicos e conferencias en foros da UE, África ou Asia. Dende 2002 traballa como responsable do Programa de Pesca Sostenible de WWF España e colidera distintas iniciativas internacionais da rede do WWF en materia de xestión de túndidos, reservas de pesca y coxestión e cambio de políticas pesqueiras.

## ANTÓN LOIS

Responsable de comunicación e membro da Xunta Directiva de Amigos da Terra



Diplomado en Educación Ambiental pola UNED e Master en Xestión Ambiental da UICN, conta con dilatada experiencia no ámbito do medio ambiente. É membro do Seminario CECOP-Biodiversidad/ Convenio de Diversidad Biológica/ Convención Ramsar sobre Humedales, UICN, Ministerio de Medio Ambiente; e dos Seminarios Estatales de Entidades de Educación Ambiental e de Equipamientos para la Educación Ambiental. Coordina o grupo de traballo do proxecto Fénix da Sociedade Galega de Educación Ambiental así como o grupo de traballo conxunto coas entidades ecoloxistas estatais e internacionais da Federación Estatal de Entidades de Educación Ambiental. Ademais, compatibiliza estas tarefas coa súa responsabilidade como responsable de proxectos de educación e interpretación de Teixugo Sociedade Cooperativa e como responsable de comunicación e activismo de Amigos da Terra.